

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº55/ Ano: 2022 / 1º xornal Mes de setembro / Estado de Postverán

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



## MES DE SETEMBRO

### “O mes das promesas”

Os responsables da Consellería de M. Ambiente, o Presidente da Xunta o Director do Parque,..., fixeron moitas promesas con respecto a Ons para este setembro 2022. Cumpriranas? Páx. 1

## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Un lector agradece o labor realizado por un grupo de rapaces da denominada <Ecobrigada> en Ons.



Carlos Patiño (cariñosamente Carrillo, á dereita da foto), cumpre 60 setembros. Sempre o celebra cunha boa cantidade de amigas, pero aos amigos, non chama. Miúdo colega!!! Páx. 2




## UNHA EXPERIENCIA, RELIXIOSA??

Este ano as actividades das Freguifestas de Ons realizáronse na igrexa da Illa. Cambiaría Josecho o sentir espiritual e místico dos membros da Corporación de Bueu? Páx. 3



## CASA DE MATILDE BARES

Unha das tres que puxen para albergar o Centro de Interpretación de Ons dentro do Parque Nacional en Bueu. Pero non gusta ao goberno municipal. Cal será o problema? Páx. 4



## John “Alvarito” Wayne

A lombos de Careta. Que paciencia ten que ter esa egua, aguantar a tanto xinete de pacotilla. Jajjj. Bo rapaz. A egua ten moita resignación!!! Páx. 2

## A GOLETA “NIEVES”, DESPEZADA

Cando Alfredo Fernández tróuxoa ao Grove, a súa primeira viaxe de inauguración foi para presentar o nº 11 da revista cultural AUNIOS facendo unha singradura de O Grove a Ons. Páx. 5



HemerONSteca. Cesáreo. Páx. 6

## ANXO CABADA

Basilio Losada dedicou unhas palabras ao gran fotógrafo Anxo Cabada con motivo da exposición de Maregrafías na sala Sargadelos. Páx. 4



## SETEMBRO 2022

### “O MES DAS PROMESAS” (I)

Recordo na miña etapa de estudante como posteriormente na profesional, que o verán era o verán e, se había que facer algo que requirira un extra de traballo, sempre o deixaba para setembro, non ía a amolar as miñas vacacións!!!

Pois parece ser que non era só cousa miña, aos responsables do Parque Nacional tamén lles pasa o mesmo, e as cousas importantes que deberían estar feitas antes do verán, déixanas para setembro, ou así o din ou prometen.

Pois ben, xa estamos no <mes das promesas>, agora hai que comezar a cumprilas. O primeiro é o arranxo definitivo das **DEPURADORAS** ou o seu cambio. Teño que dicir que durante este verán, polo menos no mes de xullo, agás algún cheiro puntual e a porcallenta auga a carón do peirao, non houbo nada salientable, polo menos que eu saiba. Sei que hai uns cartos prometidos pola Directora Xeral de Patrimonio Natural para dar solución ao problema. Esperemos que cumpra a súa promesa.

O segundo é o tema da **ARQUEOLOXÍA**. Segundo o Director do Parque, as prospeccións arqueolóxicas retornarían este setembro, por mor dos excelentes e importantísimos vestixios que agocha este xacemento para a historia de Ons. Tamén faláron de musealizar o castro, sinalizalo, traer para o Centro de Visitantes o material atopado,..., e, algo que considero moi interesante, aínda que non para setembro senón para o próximo verán, a volta a Ons dun Campo de Traballo, ou de Voluntariado, Arqueolóxico.



Foto arriba dereita: Vertido da depuradora en agosto de 2021. Faro de Vigo.  
Foto esquerda: Escavacións no Castro dos Mouros en Canexol.



### “O MES DAS PROMESAS” (II)

Outra das promesas, dada polo propio Presidente da Xunta, **Sr. Rueda**, na propia Illa con motivo do 20 aniversario da creación do Parque Nacional, era a inversión en Ons, para comezar de 800.000 € e que, a parte, a Illa entra nos Fondos Next Generation co que disporá, para todo tipo de arranxos prometidos, de 1´4 millóns de euros.

Rueda, no seu discurso, puntualizou con respecto a Ons: “... que era importante o compatibilizar a preservación do litoral coa actividade humana”. Tamén sinalou, e puxo como comezo da súa promesa o mes de setembro: “O goberno galego comprométese a levar a cabo traballos de conservación e mellora da biodiversidade, recuperación da vexetación autóctona, eficiencia enerxética ou renovación de infraestruturas. Vaise a reforzar e actualizar o sistema de depuración de augas e a rede de abastecemento de auga potable. ...

Ese día das promesas, o Presidente estivo acompañado da Conselleira, a D. Xeral de Patrimonio Natural, do Director do Parque, do Alcalde de Bueu, o Concelleiro de Cultura, da representante no concello do PP,..., e ata o cura-párroco de Bueu (e tamén de Ons), polo que hai un bo número de testemuñas que poden dar fe das súas promesas.



### “O MES DAS PROMESAS” (III)

Outras das promesas dende o Parque foron: **REPOBOACIÓN** forestal nas zonas das que eliminaron eucaliptos e acacias, promesa que, no caso de Melide, xa vai para máis de 10 anos.

**ESTUDO** exhaustivo de todas as **CASAS** aunienses, co fin de ver as necesidades tanto arquitectónicas como familiares, para mirar de axustar as axudas e subvencións ás necesidades de cada casa e veciño. Seguimos á espera, e iso que dicían que xa o tiñan feito.

**SUBVENCIÓNS, ARI,..., E OUTRAS AXUDAS**. Pedíuselle que fixeran unha reunión a tres bandas: Veciños, Parque e Concello, para informar sobre as diferentes axudas anuais ás que poden optar os aunienses e mirar de que algún funcionario prestara os seus servizos para axudar a solicitálas. Nada fixeron ao respecto (en Sanxenxo si).

É necesario un **Técnico Dinamizador**, senón o Parque non funciona.



Melide queda sen sombra.

## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS A ECO BRIGADA DE ONS

Un lector manda esta suxestión que coido é interesante, entre outras cousas, porque aínda que os vía pola Illa, non reparei no seu cometido laboral e penso que necesitan un apoio ao seu labor. O lector dínos: “Ola Tinón, se o consideras, penso que se debería facer unha mención aos rapaces da “*Ecobrigada*” que durante todo o verán fixeron un fantástico traballo de limpeza de praias e camiños de Ons. Os rapaces chamábanse Javier Vidal, Mohamed Haddouchi, Sergio e Agustín, dos últimos non sei os apelidos. Mándoche unhas fotos de dous deles por se as podes poñer”.

Prezado lector, como dixen ao principio, tes toda a razón en destacar o labor destes rapaces realizado en Ons. Teño que recoñecer que non sei cal era a súa tarefa e por quen estaban dirixidos, supoño que polos gardas que serían os que organizarían o seu labor, por iso, que alguén, como neste caso ti, informes sobre eles e sobre as faenas que realizaban, é moi importante.



Aquí temos a Alvarito, que non dubida en subirse, ao máis puro estilo de *John Wayne*, a lombos de Careta; como pesca un calamar, co que comerían todos os invitados a unha voda e aínda sobraría. Miúdo artista. Aínda non deu con el Steven Spielberg senón xa tiña protagonista para algunha das súas famosas películas.

Outro auniense que triunfa, nada menos que Carlos, o fillo de Carlos Patiño (Carrillo) e neto de Benito Patiño (Serrador). Aquí o vemos traballando no nova draga feita en Nodosa.



Lolo Patiño, Marqués de Canexol e Varu Camawei, Consul de Melide.  
**AUTÉNTICOS!!!!**



Comunicaron actuación da Pantoja en Curro. Alá fomos. Pero non, era outra Isabel, a muller de Pepe de Miro. Toda unha artista!!!

## FREGUIFESTAS EN ONS 2022

### “UNHA EXPERIENCIA CASE RELIXIOSA”

Ese podería ser o título dun pequeno comentario sobre algunhas das actividades realizadas con motivo das Freguifestas 2022 na Illa.

Durante moitos Onstopus incidín na necesidade de **dinamizar** o Centro de Visitantes de Ons, en especial, o que eu chamo a sala de **Usos Múltiples** e o **Espazo Exterior**, antes patio de recreo da escola.

A sorpresa foi maiúscula cando, a pouco do día da Festa, recibo o programa e leo que varias actividades íanse realizar na igrexa.

Por que na igrexa se hai un Centro de Visitantes adecuado? A pregunta saltou e case paralelamente algunha resposta. Non chegarían a un acordo entre o Concello e Parques? Non considerarían adecuado o espazo de Usos Múltiples?... A que sería debido esta decisión?

Olo, non digo que a igrexa non poda albergar eventos e actividades culturais e ademais tendo en conta a boa sintonía co que hoxe, o seu párroco, Josecho, ten cos veciños de Ons e todos os fregueses de Bueu, senón que, habendo un sitio específico para eses actos, non se celebren nel.

O que si, a carón de que todas as fotos teñen como fondo o altar e as imaxes, puidemos comprobar como os membros da corporación de Bueu asistían aos actos relixiosos e, ata algún antigo concelleiro, portaba, durante a procesión, unha das imaxes. Pode ser, ao igual que pasaba co Efecto Vicente que comentabamos no anterior número, que agora tamén xurda o Efecto Tonecho: Que fas Tonecho, o que dispoña Josecho!!!

Ben, bromas aparte, coido que este inverno, como tamén prometeu o Director do Parque, o Centro de Visitantes de Ons teña unha boa remodelación, se faga a sala ou salas etnográficas e históricas. Á vez, tamén se pode ser, que entre o prometido, se amplíe o Centro cara ao patio para albergar exposicións voluminosas, se prepare a Sala de Usos Múltiples para exposicións e actividades no interior e que, no verán, o antigo patio de recreo grande sirva para eventos que, pola posible afluencia de público, requira un espazo máis amplo.

Só e querer facelo!!!



## CARRILLO CUMPRE 60 TACOS

Carlos Patiño vén de cumprir 60 setembros e, o que foi o seu profesor en Ons, Julio Santos Pena, dedícalle no <https://cariola.es/> de Marín un capítulo do seu libro “*Ons no meu corazón*” do que xa falamos en Onstopus, a historia que puido acabar en traxedia, que lle ocorreu a Carliños cando era neno: *Daquela tiña só dez anos. Chámase Carlos Patiño Reboiras, de Bueu, e, aínda que onte cumpriu sesenta anos de idade, na miña mente está a súa imaxe de neno na escola que tiveron a sorte de vivir na Illa de Ons. E Carlos Patiño ven sendo o neno que estivo ao borde da traxedia, como reza parte do capítulo do libro que publiquei para contar ás nosas experiencias en Ons, alá polo principios dos setenta do pasado século. E, co gallo do seu aniversario, quero reproducir aquí aquel episodio que nunca esquecerei e supoño que Carlos, tampouco.*



## ONS NA MEMORIA

Estabamos no ecuador dos anos 80, cando esta Comisión de Festas encargouse da súa magnífica realización. Aínda que tres deles xa faleceron, aquí teñen os da corporación de Bueu a quen homenaxear para o ano.

## CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA ILLA DE ONS DENTRO DO PARQUE NACIONAL, EN BUEU

En varios Onstopus tocamos este tema e <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/19/Onstopus-19.pdf> e <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/32/onstopus-32.pdf> considerando que sería moi interesante que Bueu, dentro da súa magnífica oferta cultural, contara cun espazo dedicado a Centro de Interpretación da Illa de Ons dentro do Parque Nacional.

Nun primeiro intre poñiamos como ideas as casas de Massó ou a de Pin Cabanillas e dabamos algunha idea da súa composición, idea que no seu momento foi enviada pola Asociación PineirÓns, moi ampliada, ao Concello de Bueu, da que, por certo, non tivemos resposta. Posteriormente e ao coñecer a polémica pola casa de Matilde Bares, propuxemos que esa podería ser tamén unha opción, xa que os partidos da oposición solicitaban ao Grupo de Goberno a súa conservación.

Segundo poidamos saber no mes de xullo deste ano Patrimonio descartou a protección desta vivenda e seguidamente o concello comezou a tramitar o seu derrube.

Non sei o seu estado interior ou si verdadeiramente o poñela en funcionamento traerá un custo elevado, o que si coido, é que se perde outra oportunidade de poder ter un Centro de Interpretación de Ons en Bueu. Sobre os cartos, como xa explicabamos no informe enviado ao concello, a carón do propio concello, poderían entrar Parques a nivel nacional, a Consellería de M. Ambiente, a Consellería de Cultura, a Dirección Xeral de Turismo,..., e as subvencións que se poderían conseguir de Europa, penso que por cartos non sería.

Se a casa fora na que vivira Castelao, estarían dende o concello polo seu derrube?



Diferentes imaxes da casa de Matilde Bares. Faro de Vigo



### ANXO CABADA ÁLVAREZ

No número 24, 2021, de Onstopus falaba sobre o meu querido amigo Anxo Cabada e sobre o seu libro *MAREGRAFÍAS* con textos poéticos e magníficas fotos dos perceber@s de Ons.

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/24/onstopus-24.pdf>

Hai uns días, un compañeiro metido nas redes sociais, envioume esta entrada da páxina de Anxo, no que fala de Basilio Losada e acompaña dunha fotografía, incluída no libro *Maregrafías*, co retrato de Emilia, percebeira de Ons.

Sen pensalo, e esperando a súa aprobación, quixen tráelo a este minixornal e animar a Anxo a seguir co seu magnífico traballo fotográfico.

### FACEBOOK do 9 de xullo 2022 ANXO CABADA ÁLVAREZ

No 2005 coñecín a BASILIO LOSADA en Barcelona, fixo a presentación da exposición “Maregrafías” na galería Sargadelos, e escribía unhas verbas sobre as miñas imaxes:

“As fotos de Anxo Cabada falan de por si: rostros queimados polo sal, mans firmes coma gadoupas, a ollada calma e atenta de quen está afeito a calcular en décimas de segundo o zorrego do mar. Rostros minerais e tan fundamente humanos. A grandeza humilde da loita para sobrevivir”

Basilio era un auténtico embaixador e axitador da cultura galega na Catalunya.

Grazas por todo e boa viaxe mestre!

Esquerda: Retrato de Emilia, percebeira de Ons, realizado por Anxo Cabada.

## BERGANTÍN – GOLETA <NIEVES>

Un colaborador da revista cultural *AUNIOS*, que edita a asociación PineirÓns, envíame un e-mail axuntándome unha entrada de Facebook do meu gran amigo e anterior presidente de PineirÓns, Lino J. Pazos Pérez, e nela comunica o despezamento desta magnífica embarcación que, cando chegou ao Grove da man de Alfredo Fernández no 2005, púxo a disposición de PineirÓns para realizar unha singradura de O Grove á Illa de Ons e presentar nela o número 11 da revista cultural *AUNIOS*, como así se fixo.

**Foto:** O Nieves fondeado fronte a Illa de Ons. O día da presentación, mes de xuño de 2011



## NIEVES

Conta Lino Pazos sobre el: “É unha verdadeira pena que un barco destas características, que lle dera vida o carpinteiro Domínguez Lestón ... no seu estaleiro de Broña, Noia, en 1919, para o armador Primitivo Trigo, e que quedara ao mando do patrón Plácido Ares, se perda definitivamente.

Aparellado de goleta de gabias (outros denominan bergantín) de 27,09 metros de eslora, 7,1 de manga, 3,08 de puntal, 129 TRB e 111 netas, este maxestoso barco foi quen de manterse a flote durante algo máis de cen anos.... en 1946 véndese á navieira "Hijo de José Masiques", de Barcelona, que lo rebautiza como José M. Masiques dotándoo dun motor diésel de 190 Hp que lle permitía alcanzar unha velocidade duns 8 nós ... logo pasa a mans de Juan Arespacochaga, que por aqueles tempos era o alcalde de Madrid, que o restaura e converte en iate de recreo renomeándoo *Nostramo*.... ”


Como podemos ver no cadro, o Nieves pasa por varios portos O Freixo en 1918, Barcelona 1946, Cádiz 1974, Tenerife 1986, ata que é traelle polo ollo ao meco Alfredo Fernández e logra traelo para O Grove no ano 2005.

Logo de novo regresará ás Canarias no 2014 e despois de intentar traballar na zona de Fuerteventura, concretamente en Gran Tarajal, é despezado neste mesmo porto en 2022.



## PRESENTACIÓN DA REVISTA AUNIOS Nº 11 NA GOLETA NIEVES EN ONS

Agradecendo a invitación de Alfredo Fernández, no mes de xuño de 2006 navegamos de O Grove a Ons no Nieves e fronte a esta Illa foi presentado o nº 11 da revista cultural *AUNIOS* polo Presidente, daquela, Lano Mayán, deseguido recibimos unha charla sobre Turismo Mariñeiro a cargo de Xulio Pardellas e rematamos cunha gran polbada no restaurante Casa Acuña na propia Illa.



### Fotos:

**Esquerda arriba:** Lano Mayán presentando *Aunios*.

**Esquerda abaixo:** Os irmáns Pardellas a bordo do Nieves levando o temón.

**Dereita Arriba:** Xulio Pardellas na súa charla.

**Dereita abaixo:** A goleta Nieves fondeada fronte á Illa de Ons.

## A vida nunha illa

Anxo Cabada

**Cesáreo Pérez Patiño, 66 anos, mariñeiro.  
(Illa de Ons)**

A casa de pedra con hórreo e un pequeno alpendre no que se mantén activo o forno de leña, ten o mar como escenario de privilexio. Ou como unha presenza necesaria para un home ao que non lle gusta estar en terra. Porque a partir dos sete anos o mar substituíu para Cesáreo, un nativo da illa de Ons, os xogos de infancia e a aprendizaxe elemental da escola.

Este curtido mariñeiro é un dos seis habitantes permanentes da pequena illa que no seu momento tivo como donos sucesivos á familia Montenegro, o Marqués de Valladares e Luis Riobó. Pero Cesáreo tamén é a memoria dese micromundo ancestral que forma parte da diversidade de Galicia, e o exemplo de como o hábitat e a prohibición de construír en solo privado define un estilo de vida. Como testemuña da historia de Ons, lembra a época en que unhas oitenta familias poboaban este pequeno territorio. Un número excesivo se se ten en conta que debían repartirse entre unhas poucas casas. As vivendas de pedra cunha serie de cuartos estreitos abertos a unha sala común, chegaron a albergar ata tres matrimonios coa súa descendencia.

"A casa da miña nai estaba tan poboada que ao meu avó o bautizaron Colón. Tiña 21 fillos e había moitas quendas para que todos puidésemos comer. Durmíamos apiñados. Ese foi o motivo de que tantos abandonasen a illa en busca dun futuro mellor. Ao casar tiñas que vivir na casa da túa propia familia ou na da túa muller".

A situación de vivendas superpoboadas deulle protagonismo ao mar e á vida fóra das casas cos labores de traballar as hortas e coidar os animais. E ese estilo de vida non cambiou para Cesáreo.

Entre a Illa de Ons e o pobo de Bueu a viaxe é de apenas trinta minutos. Pero cando o fixo por primeira vez aos 18 anos, esa viaxe foi a equivalente de trasladarse dun século a outro. En Bueu descubriu fenómenos como a luz eléctrica e outras comodidades da vida moderna. Pero ningunha delas o atraeu. Hoxe o teléfono móbil e o televisor son dous dos poucos referentes da tecnoloxía que aceptou este mariñeiro formado polo seu hábitat e absolutamente integrado a él. Cesáreo segue vivindo na casa da familia da súa muller e gozando a soidade do inverno, cando xa non hai turistas e como di: "Quedas soño, pescas a túa propia comida, fas o que queres". E no seu caso, cada día pasa por volver ao mar e á vida noutra dimensión do tempo.

